



ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL “ASCM”

MEMORIA 2014 - EIVA Nº 32



Puerto de Ferrol

Autoridad Portuaria de Ferrol-San Cibrao



Ferrol

Puerto Logístico
del Atlántico

En 1987 nacía en Ferrol a Asociación Sociocultural “ASCM” cun marcado obxectivo: lograr a plena integración das persoas con discapacidade en todos os ámbitos. Vinte e sete anos despois, a ASCM continúa loitando por acadar este obxectivo a través da realización de diversas actividades, para elo ofrecemos servizos de formación, información e integración laboral, transporte adaptado, accesibilidade, deporte adaptado, e educación entre outros.

A nosa traxectoria social, aválanos coma unha das entidades pioneiras na defensa dos dereitos das persoas con discapacidade en Galicia. Asimesmo, a nosa asociación foi declarada pola Xunta de Galicia como entidade “de utilidade pública” (*DOG mércores 11 de agosto de 2010 -Orden de 4 de agosto de 2010 Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza*).

Con esta memoria anual, a Asociación non só pretende manter informados aos socios/as dos eventos organizados ano tras ano, senón que trata tamén de expoñer á cidadanía en xeral as áreas sociais nas que é necesario seguir traballando.

Todos somos persoas con algún tipo de discapacidade nalgún momento da nosa vida, xa sexa temporal ou permanente, e é unha realidade que pode cambiar a vida nun segundo: un accidente laboral, doméstico, de tráfico... pode truncar a nosa forma de ver as cousas.

¡Se te pos nese lugar, quererás apoiar e participar!

ÍNDICE

Quen somos	3
Saúda do presidente da Deputación	5
Saúda do presidente da ASCM	6
Xunta directiva	7
Onde estamos	8
Accesibilidade	10
Proxecto “Xente!! Senta e sente”	12
Transporte adaptado	14
Orientación e intermediación laboral	16
Educación e formación	18
Deporte adaptado	20
Infancia e maiores	22
Voluntariado	24
Lecer e tempo libre	28
Muller	30
Ámbito Psicosocial	32
SOS Social	36
Axuda a domicilio	37
Información e asesoramento	38
Divulgación e sensibilización	40
Convenios de colaboración	42
Empresas Amigas	44
Financiadores	46

SAÚDA DO PRESIDENTE

Un ano máis, quero aproveitar o privilexio que supoñen estas liñas para dirixirme directamente a todos vos. Nunca me cansarei de darvos as grazas por apoiar a ASCM e facer posible que sigamos cumprindo anos.

No 2014 sopramos 27 velas que corresponden a outros tantos anos adicados de pleno á loita pola integración das persoas con discapacidade en todos os ámbitos da súa vida. Anos cargados de logros e dalgún que outro tropecón, pero, sobre todo, 27 anos cheos de ilusión e ganas, cualidades que tamén loitaremos por manter día a día.

Así, agradezo enormemente aos socios, usuarios, voluntarios, traballadores, xunta directiva, empresas colaboradoras, administración... por

aportar o seu graniño de area que conforma un todo, ese todo que é a nosa Asociación.

Gustaríame resaltar especialmente a labor do noso equipo de voluntariado inclusivo, que resulta vital en moitas das actividades que realiza a ASCM. Salientar o enorme traballo de cada unha das arredor de cincuenta persoas que, de forma desinteresada, colaboran para conseguir que este proxecto siga adiante.

Remato recordando unha cita célebre que considero moi representativa e cargada dese optimismo que todos necesitamos: “A discapacidade non te define, o que te define é como lle fas fronte aos desafíos que a discapacidade che pon diante”.

Grazas a todos por un ano máis.





Presidente

Ángel Gárate Roca



Vicepresidente

Manuel S. Rguez
Sanesteban



Tesoureiro

Álvaro Illobre
Saavedra



Secretario

Antonio Vázquez
Deibe



Vogal

Abelardo Tejiño
Lage



Vogal

Basilio Durán
Cupeiro

XUNTA
DIRECTIVA



ONDE ESTAMOS



R/San Roque e Ánimas Blq 2 Baixos 18-19

Tlf: 981 35 14 30 Fax: 981 35 14 50

Email: ascm.ferrol@ascmferrol.com

FERROL



Estrada de Castela 256, Baixo

Tlf: 981 38 53 66 Fax: 981 38 67 22

Email: ascmnaron@ascmferrol.com

NARÓN



PROGRAMAS E ACTIVIDADES



ACCESIBILIDADE

Na sociedade na que vivimos, todas as institucións, tanto públicas como privadas, deberían concienciar e sensibilizar á cidadanía sobre temas tan importantes e latentes como é a accesibilidade, xa que non só afecta a persoas con diversidade funcional, senón a todas as persoas, xa que todos nalgún momento da nosa vida podemos ter problemas coa accesibilidade do noso entorno máis próximo.

Esta área de traballo está orientada principalmente a servir como medio de denuncia da falta de accesibilidade, pero tamén a informar e asesorar en materia de axudas técnicas e supresión de barreiras arquitectónicas, non soamente no campo urbanístico, senón tamén nas barreiras sociais que debemos superar, realizando campañas de sensibilización e concienciación, como foi o “Xente!! Senta e sente” no 2014.

Ademais, continuamos levando a cabo o estudo das prazas de

estacionamento reservadas para persoas con mobilidade reducida e a análise da accesibilidade dos parques infantís e as praias da comarca, presentando as demandas oportunas ante os organismos competentes.

O desexo da entidade é o de acadar unha cidade accesible, eliminando a enorme cantidade de barreiras arquitectónicas que existen: beirarrúas estreitas onde non caben as cadeiras de rodas, bordos moi altos, edificios públicos que non son accesibles... e un longo etcétera que temos que intentar eliminar ou polo menos paliar.

A ASCM xestiona un blogue no que se publican novas e fotografías-denuncia da nosa comarca: accesibilidadascm.blogspot.com. Dende a ASCM animámosvos a participar e darlle máis visibilidade ós problemas de accesibilidade existentes enviando as fotografías denuncia do voso entorno a: voluntariado@gmail.com.



ACCESIBILIDADE:

Proxecto: “Xente!! Senta e Sente”

“Xente!!!, senta e sente” é un proxecto da ASCM que xurdiu coa finalidade de concienciar sobre a falta de accesibilidade no entorno máis próximo da persoa, é dicir, queremos facer visibles para os veciños as barreiras arquitectónicas existentes no seu barrio ou na súa parroquia, para que poidan sentir por si mesmos como se sente unha persoa con diversidade funcional no seu día a día.

Este proxecto presentouse como primicia no Concello de Narón e constou de dúas partes programadas entre setembro e novembro:


- * *Mostra da túa parroquia en fotos:* cada parroquia tivo a situación da súa accesibilidade representada en fotografías.

- * *Senta e sente:* a ASCM puxo cadeiras de rodas a disposición dos veciños de cada barrio para que deran unha volta polo seu entorno e sentiran o mesmo que sente unha persoa que vai nunha cadeira. Despois cubriron un test con preguntas relacionadas coa accesibilidade, no que, das **225** persoas que participaron, extraéronse, entre outros, os resultados amosados nas táboas desta páxina.


A acollida e repercusión desta actividade foi tal que tivemos o pracer de que o programa Boas Tardes da TVG nos fíxese unha reportaxe que se pode consultar na nosa canle de Youtube “VoluntariadoASCM”, así como diversas aparicións en prensa e radio.

Barreiras arquitectónicas

(Total: 225 personas)



Utilidade deste tipo de iniciativas





TRANSPORTE ADAPTADO

A ASCM, coa colaboración dos Servizos Sociais do Concello de Ferrol, Narón e a Deputación da Coruña, realiza un servizo de transporte adaptado para o desprazamento das persoas con mobilidade reducida que non poidan utilizar o transporte público.

Durante o ano 2014, un total de **407** usuarios foron os destinatarios finais dun servizo que ten diferentes utilidades, como poden ser, por exemplo: desprazamentos para facer trámites administrativos, traslado a centros especializados ou asistencia a actividades deportivas, de formación e de lecer, o que fomenta a súa independencia e autonomía.

Cubriendo así o que hoxe en día non se está a cubrir co transporte público e

atendendo ás necesidades das persoas con mobilidade reducida.

Durante este ano foron **129.095** os km percorridos para proporcionar esta cobertura.

Obxectivos do servizo:

- * Fomentar a independencia e autonomía das persoas con mobilidade reducida.
- * Garantir a escolarización das persoas con mobilidade reducida.
- * Cubrir o servizo que hoxe non se está cubrindo co transporte público.
- * Atender as necesidades sociais das persoas con dificultades para desprazarse.



ORIENTACIÓN E INTERMEDIACIÓN LABORAL

Servizo de Orientación Laboral como entidade colaboradora do SPEG

A ASCM é entidade colaboradora do Servizo Público de Emprego de Galicia e Centro Especializado na Atención a Persoas con Diversidade Funcional.

O noso traballo radica na atención a demandantes de emprego: remitidos dende o INEM, usuarios da nosa bolsa de emprego, así como calquera persoa que desexe información sobre a orientación laboral, que será sempre totalmente personalizada, adaptándose ás necesidades de cada demandante.

Por outra banda, a ASCM xestiona unha **bolsa de emprego** propia. Na que se realizan tarefas de: orientación, busca e seguimento de emprego;

análise do perfil laboral e orientación cara metas realistas; intermediación entre as necesidades de persoal das empresas e os perfís laborais dos que dispoñemos e cobertura de carencias formativas.

Asimesmo, os técnicos da bolsa de emprego da ASCM ofrecen ás asociacións de empresarios, cámaras de comercio e diversas empresas da nosa área de influencia, servizos de: asesoramento gratuíto, posta en coñecemento da existencia da nosa bolsa de traballo, asesoramento sobre subvencións, incentivos e bonificacións á contratación das persoas con discapacidade.

Obradoiros pre-laborais


Ao longo do ano elabóranse diversos obradoiros pre-laborais para potenciar a inserción no mercado laboral e incrementar as oportunidades de emprego dos usuarios.

Os obradoiros céntranse na alfabetización TIC, habilidades sociais orientadas á busca de emprego, busca

activa de emprego e asesoramento para o autoemprego.

O noso servizo de Orientación e Intermediación laboral contou en 2014 con **473** persoas con discapacidade en idade laboral (entre 18-65 anos), e **287** persoas coas que traballamos de forma constante. A porcentaxe de inserción laboral conseguida rondou o **15%**.

***LEMBRA**
comunicarnos calquera
variación no teu currículo



EDUCACIÓN E FORMACIÓN

Seguindo co seu compromiso de mellorar a formación e aumentar a empregabilidade, sobre todo das persoas con algún tipo de discapacidade, a ASCM invertiu no 2014 en torno a **1.200** horas na formación de arredor de **175** usuarios.

Esta formación tamén se atopa incluída dentro do plan formativo que a ASCM desenvolveu para o seu equipo de voluntariado inclusivo. Deste xeito, impartíronse diversos cursos, obradoiros e charlas como:

- * *“Curso de Cultura Xeral Básica para Adultos”.*
- * *“Cursos sobre as novas tecnoloxías”:* Introducción á informática, informática xeral, Linux e redes sociais.
- * *“Linguaxe de Sinais Española”.*
- * *“Busca de emprego”.*
- * *“Resolución de conflitos”.*

- * *“Quérote+”.* Sexualidade.
- * *“Curso de mediador en emerxencias psicosociais”.*
- * *“Curso de terminoloxía legal e discapacidade”.*

E organizáronse as xornadas de:

- * *“Discapacidade e dereito sanitario”.*
- * *“Emerxencias psicosociais en Ferrolterra”.*

Asimesmo, a ASCM tamén participa en xornadas e actos organizados por outras entidades.

Sen deixar de lado a formación para o deporte, a ASCM impartiu tamén cursos de formación de auxiliares e cronos de Boccia. Ademais disto, os voluntarios da ASCM realizan unha formación continua apoiándose en plataformas como Voluntariado Galego ou Voluntariado Dixital.



Curso de mediador en emerxencias psicosociais



Charla de sexualidade



Xornada Discapacidade e Dereito Sanitario



Xornada Discapacidade e Estereotipos. Adifi Jaén



Curso de LSE



Xornada Emerxencias Psicosociais

DEPORTE ADAPTADO

A ASCM e os nosos clubs desenvolveron neste ano un gran número de actividades, tanto formativas e de sensibilización como deportivas, que van dende o deporte base ata as competicións locais, autonómicas, nacionais e internacionais.

Así, a ASCM puxo en marcha o proxecto “Peciños”, que aplica un novo modelo de participación integral creativo e expresivo, concienciador, autodecisorio e transformador a través da actividade infantil de psicomotricidade inclusiva.

A participación foi realmente elevada: **1.669** nenos e nenas con idades comprendidas entre os 6 e 12 anos e escolarizados na etapa de Educación Primaria nos centros

escolares do concello de Ferrol puideron desfrutar desta iniciativa.

Xunto á Mancomunidad, fixéronse varias xornadas abertas de “Deporte e actividade física adaptada e inclusiva” nos concellos da comarca, con exhibicións de diferentes deportes adaptados, coma baloncesto, tenis ou boccia.

Os nosos clubs e deportistas acadaron un ano máis moi bos resultados tanto a nivel de equipo como individual, destacando as actuacións do Basketmi, de Álvaro Illobre en tenis en cadeira de rodas, Willy Rodríguez en tiro con arco, Inma Rial en boccia e Alberto Novo e Manuel Brage en tenis de mesa e tiro respectivamente.

Tamén merece mención especial a organización dunha nova edición do Rally Social puntuable para o Campionato de España de Automobilismo FEDDF.

Proxecto PECIÑOS



Tiro con Arco



Xornadas Mancomunidade



Club ADM Boccia



Vela adaptada



Gala do Deporte

INFANCIA E MAIORES

Dentro da **Área de Infancia**, séguense a elaborar un catálogo de xogos adaptados para nenos e un estudo de investigación sobre a adaptabilidade dos parques infantís da comarca de Ferrolterra, co obxectivo de poder comprobar se están ou non adaptados para nenos e nenas con algún tipo de discapacidade física.

No 2014, a ASCM orientou a maioría das súas actividades destinadas á infancia ao deporte inclusivo, principalmente a través do proxecto “Peciños” que estivo presente nun número significativo dos colexios da comarca.

A **Área de Maiores** continúa a traballar na elaboración dun catálogo de xogos adaptados, destinado a

persoas maiores. Neste catálogo, incorporáronse xogos de habilidades, axilidade, coordinación ou memoria, entre outros.

Neste ano realizáronse diversas exhibicións e actuacións en diferentes centros de maiores da comarca. Ditas actividades estiveron a cargo do equipo de boccia ADM, do grupo “Cantores, Sonidos de Amor”, a comparsa “Os Colludos” e o grupo de teatro “ASCM”.

Tanto para infancia como para maiores, realizamos actividades específicas para os centros que así o demandan, como charlas de sensibilización en colexios ou animación en centros de maiores.

Exhibición Boccia EUXA



Actuación Cantores EUXA



“Os Colludos” EUXA



Visita Nadal EUXA



Festa Fin de Curso La Salle



Adestramento baloncesto



Festa clausura Pecíños



VOLUNTARIADO

Dende o nacemento da ASCM en 1987, tivemos sempre o privilexio de poder contar coa colaboración e apoio desas persoas que, cedendo o seu tempo de xeito altruísta, axudan a que as persoas con discapacidade participen e desfruten en calquera ámbito social.

A ASCM recoñeceu a figura do voluntario en 1996, e foi no 2000 cando se rexistrou oficialmente como Entidade de Acción Voluntaria. Na actualidade conta con máis de **50** voluntarios, dos cales un **90%** ten algún tipo de discapacidade, colectivo para o que o traballo de voluntariado é moi positivo.

A ASCM ten entre as súas prioridades a de darlle ao voluntario unha formación básica e específica. A formación é, sen dúbida algo imprescindible, pois ademais de aportar seguridade, optimiza o

traballo do voluntario. Pero sobre todo, enriquece á persoa e apórtalle profesionalidade.

Os voluntarios resultan vitais para a ASCM, participando na organización de eventos e actividades propias, como a Masterclass de Zumba ou o Campionato de Tute Solidario; e alleas, coma os actos conmemorativos do Día da Discapacidade.

Dende o 2013 contamos cunha “voluntaria” máis, a nosa mascota Panchita, que nos acompaña alá onde imos e recolle e agradece os donativos a favor da ASCM.

Por todo isto, so queda dar as grazas a todos eles, xa que sen o seu esforzo e dedicación nada disto sería posible, pero, en especial, a Nicolás Caveró, elixido Voluntario do Ano neste 2014.

¡¡¡GRAZAS A TOD@S!!!



Voluntario do ano



Actos día da Discapacidade (CC Odeón)



De paseo...



Entrega diploma Voluntario do ano



Mercadillo Pza España

Masterclass Zumba e Body Combat



Encontro Interxeracional (Sedes)



Encontro artesáns Fene



Stand benvida cruceiros



Xente! Senta e Sente



Xornada Emerxencias



Campionato Tute Solidario



Proxecto Pecíños



Encontro da Mocidade



Exhibición deportes adaptados



**primeira xornada
voluntariado xuvenil**



Xornada Voluntariado Xuvenil

LEGER E TEMPO LIBRE

Durante o 2014, a ASCM organizou dúas visitas culturais e didácticas a exposicións que se organizaron en Ferrol.

Nestas visitas participaron máis de **40** persoas, pertencentes na súa maior parte ao curso de Educación para Adultos.

- * Visita Centro Torrente Ballester: 'Historia de Galicia a través da filatelia e a numismática', organizada polo Círculo Filatélico de Ferrol.
- * Visita á Aula de Ecoloxía Urbana, instalada no Edificio do Cantón de Ferrol, na

que se imparten obradoiros relacionados co medio ambiente.

Ademais disto, a ASCM segue potenciando a área de lecer, que se encarga de programar saídas e actividades lúdicas para todos os usuarios, nas que participaron máis de **250** persoas en total, como son:

- * Circo.
- * Organización de varias ceas e asistencia a actos de convivencia.
- * Colaboración no proxecto Prazas Vivas Narón 2014.



Aula Ecología Urbana



Torrente Ballester



Prazas Vivas



Circo de Nadal



Cea de Nadal

MULLER

Muller e discapacidade.

A ASCM é membro da Comisión da Muller de COAMIFICOA, que é unha área de traballo desde a que se pretende informar e intermediar coas mulleres con discapacidade no ámbito dos seus dereitos específicos, como mulleres que, ademáis, padecen unha discapacidade física.

Día Internacional da Muller: O 8 de marzo realizáronse actos nos que participaron arredor de 20 persoas. As participantes debuxaron siluetas en papel para simbolizar que hai diferentes tipos de mulleres e que a igualdade ten que ser para todos. Concluíu cunha solta de globos cos desexos escritos de todos os participantes.

Acto contra a violencia de xénero (25N): Representantes da ASCM e do padroado Concepcion Arenal reuníronse en Esteiro para reivindicar a fin da violencia de xénero cunha serie de actividades como foron a

lectura dun manifesto redactado polo equipo da Asociación. Seguidamente os asistentes escribiron nun papel os sentimentos contra o maltrato e depositárono nun buzón “contra o maltrato”. Todos estes escritos léronse ao terminar o visionado dun corto sobre violencia de xénero, rematando o acto cun coloquio sobre o mesmo, compartindo opinións e experiencias.

Ademais disto, a ASCM celebrou nas súas instalacións unha xornada de Tupper Sex para romper con moitos mitos de sexualidade e discapacidade.

Representantes da ASCM tamén asistiron a diversos actos relacionados coas mulleres organizados polos concellos da comarca e outras entidades.

Para o 2015, a ASCM vai potenciar a actividade da súa Área de Muller, programando numerosas actividades deseñadas por e para as nosas socias, voluntarias e usuarias.

Actos do Día da Muller



Mural Concello de Narón



Actos do 25N



Cea da Muller Narón



ÁMBITO PSICOSOCIAL

A ASCM busca crear un tecido social máis solidario a través da colaboración entre socios, voluntarios e traballadores, potenciando a creación de actividades e proxectos nados das propias necesidades da nosa entidade.

A programación da ASCM está planificada para favorecer a interacción entre os socios, fomentar a autonomía, reducir conflitos de traballo e outras actividades psico-rehabilitadoras.

Este esforzo viuse recoñecido na Mención Especial concedida á ASCM na Mostra “Cinema e Sociedade 2014” , organizada pola Asociación Conxeito, que homenaxeou a nosa asociación polo seu destacado labor na loita a favor da igualdade e da integración.

Entre as actividades ofertadas pola ASCM atópanse:

Fomento da autonomía persoal e vida independente:

- * Obradoiros destreza manual: manualidades, labores, pintura en teas.
- * Cociña natural.
- * Saídas culturais.

Habilidades grupais:

- * Meditación.
- * Pintura
- * Actividades psico-rehabilitadoras.

Promoción de grupos de autoaxuda:

- * Obradoiros de autoestima.
- * Obradoiros de resolución de conflitos.



Comparsa "Os Colludos"



Grupo de Teatro ASCM



Pintura en teas



Labores



Cociña natural



Mención Especial



Animacine Halloween



Pintura

Cantores Sons de Amor



Resolución de conflictos



Maio



Expo-Diversidade

SOS SOCIAL FERROL

Teléfono de emerxencias:
981.94.94.94

O “SOS social Ferrol”, é un servizo municipal do Concello de Ferrol, que depende directamente da Concellería de Benestar Social, e que pretende dar unha resposta ás situacións de emerxencia social que concorren no Concello.

O SOS Social conta cun equipo técnico coordinado a través da ASCM, que se compón de auxiliares formados en emerxencias sociais, traballadores sociais e psicólogo, que prestan servizos todos os días da semana no horario nocturno do SOS (22:00 a 08:00 horas) e polas mañás coordinando e derivando a atención das personas coas institucións ou entidades pertinentes, ademais de facer chegar os informes sociais ao departamento de atención de servizos sociais, para que así exista unha relación directa da administración co servizo SOS Social Ferrol.

Obxectivos:

- * Intervención en situacións de emerxencia social que son

producidas na vía pública, en domicilios particulares ou calquera lugar do municipio de Ferrol.

- * Atención das urxencias sociais que non poidan ser atendidas polos servizos de atención primaria.
- * Proporcionar acompañamento social e acollida ó colectivo de persoas sen fogar que se atopen nas rúas de Ferrol.



AXUDA A DOMICILIO

A Asociación atende a usuarios con gran discapacidade grazas ao convenio para a realización do programa denominado “Promoción para a Autonomía Persoal e Apoio Familiar” do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e a Federación COAMIFICOA dende hai varios anos.

O servizo de axuda no fogar consiste en coidar das persoas

con discapacidade no seu propio domicilio. As tarefas en concreto serían: asistencia domiciliaria, tarefas domésticas, axuda a levantarse e deitarse e axuda no aseo persoal.

O servizo, na actualidade, desenrólase nos concellos de Ferrol, Narón, Ares e Fene, no que están a traballar **6** profesionais da ASCM que atenden un total de **10** persoas.



INFORMACIÓN E ASESORAMENTO

Este departamento ten como o seu obxectivo principal ofrecer información e asesoramento aos socios sobre as vantaxes e outras medidas de apoio existentes para persoas con discapacidade, como son:

- * Información xeral.
- * Recoñecemento, declaración e cualificación do grado de discapacidade.
- * Beneficios fiscais.
- * Prestacións tanto económicas e sociais como sanitarias, ás que poden acceder as persoas con mobilidade reducida.
- * Adaptacións no fogar.
- * Información sobre trámites administrativos (como solicitar

os certificados de minusvalía ou dependencia, tarxetas de estacionamento, compra de vehículos, etc).

- * Información sobre subvencións e axudas dos organismos públicos, así como a súa realización, xestións e entrega ante as administracións públicas.
- * Información sobre aspectos xurídicos (presentación de denuncias, recursos, dereitos das persoas con discapacidade).

Cada un dos departamentos que conforman este servizo encárgase despois de resolver as dúbidas, facer os trámites ou solucionar os problemas que teñan os nosos usuarios.

Durante o 2014 o noso Servizo de Información, Asesoramento e Orientación recibiu máis de **7.000** consultas relacionadas con temas de discapacidade en todos os seus ámbitos.

Traballadora Social ASCM



Persoal programa cooperación <<SAPADIN 2>>



Persoal ASCM



DIVULGACIÓN E SENSIBILIZACIÓN

Dende a ASCM faise un gran esforzo por ter presenza nos medios, coa finalidade de que a realidade das persoas con discapacidade non sexa algo descoñecido para a cidadanía. Este ano os medios fixéronse bo eco das nosas accións e realizamos dúas intervencións en televisión, cinco entrevistas radiofónicas e numerosas aparicións en prensa escrita e dixital. Isto complementábase coa presenza en Internet e material publicitario variado.

Enderezos web:

- **PÁXINA WEB:**

www.ascmferrol.com/

- **BLOGUES:**

Blogue de noticias: noticias-ascm.blogspot.com.es/

Blogue de voluntariado:

voluntariadoascm.blogspot.com.es

Blogue de accesibilidade:

accesibilidadascm.blogspot.com.es

Blogue de orientación laboral:
orientacion-laboral-ascm.blogspot.com.es

Blogue de empresas amigas:

empresasamigasascm.blogspot.com.es

- **REDES SOCIAIS:**

Páxina de Facebook: Asociación Sociocultural ASCM

Twitter: twitter.com/ASCM_Ferrol

Do mesmo xeito, a ASCM desenvolve un labor fundamental na organización e/ou participación en xornadas e congresos sobre discapacidade. Tamén se traballa de xeito presencial nos colexios co obxectivo de sensibilizar aos máis novos sobre a problemática das persoas discapacitadas no seu entorno habitual.

Ademais disto, organízanse e colabórase na organización de eventos solidarios coma o campionato de tute, a masterclass de zumba ou os actos conmemorativos do Día da Diversidade.

No me lo impidas.
CAMINA CONMIGO.



Asociación Sociocultural
ASCM
Organización sin fines de lucro

Reservados todos los derechos. No se permite la explotación económica ni la transformación de esta obra. Queda permitida la impresión en su totalidad.

Información sobre Asociación Sociocultural ASCM

Información de la página

INFORMACIÓN DE LA PÁGINA

Información de la página
Descripción de la página
Descripción de la página
Descripción de la página

La experiencia de cambiar la celda por la labor social

Cada vez más inmigrantes asocin protegen los beneficios de la comunidad



Los inmigrantes en la ciudad de Ferrol están viviendo una experiencia de cambio. Cada vez más inmigrantes asocin protegen los beneficios de la comunidad. Los inmigrantes en la ciudad de Ferrol están viviendo una experiencia de cambio. Cada vez más inmigrantes asocin protegen los beneficios de la comunidad.

NOTICIAS ASCM

Notas de prensa y noticias de nuestra Asociación Sociocultural "ASCM"

ASOCIACIÓN SOCIOCULTURAL ASCM



Campaña ASCM

ASCM: Ada Lora Toranzo

Proyecto: "REFUGIO: El escape de la soledad"

Obra Social Fundación "la Caixa"

¡¡¡¡¡

ES | FERROL | Teléfono: 981 38 53 66 | Correo: asc@ascm.es

Una radiografía de las emergencias psicosociales

A. SERRA

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

Trabaja en la

CAMPIONATO TUTE SOLIDARIO ASCM

12 E 13 DE XUÑO DE 2014

A PARTIR DAS 17:30 HORAS

LOCAL SOCIAL DO ALTO DO CASTIÑEIRO

Apúntate dende o 12 de maio ó 6 de xuño



8 € SOCIOS

10 € NON SOCIOS

Información e inscrición:
ASCM Naron Estrada de Castela, 256 Bello. Tel: 981 38 53 66
Búscalo en: voluntariadoascm.blogspot.com

Organización: ASCM Naron Estrada de Castela, 256 Bello. Tel: 981 38 53 66

Búscalo en: voluntariadoascm.blogspot.com

Colaboración: ASCM Naron Estrada de Castela, 256 Bello. Tel: 981 38 53 66

Colaboración: ASCM Naron Estrada de Castela, 256 Bello. Tel: 981 38 53 66

Colaboración: ASCM Naron Estrada de Castela, 256 Bello. Tel: 981 38 53 66

Colaboración: ASCM Naron Estrada de Castela, 256 Bello. Tel: 981 38 53 66

Colaboración: ASCM Naron Estrada de Castela, 256 Bello. Tel: 981 38 53 66

Colaboración: ASCM Naron Estrada de Castela, 256 Bello. Tel: 981 38 53 66

Colaboración: ASCM Naron Estrada de Castela, 256 Bello. Tel: 981 38 53 66

Colaboración: ASCM Naron Estrada de Castela, 256 Bello. Tel: 981 38 53 66

Colaboración: ASCM Naron Estrada de Castela, 256 Bello. Tel: 981 38 53 66

Colaboración: ASCM Naron Estrada de Castela, 256 Bello. Tel: 981 38 53 66

Colaboración: ASCM Naron Estrada de Castela, 256 Bello. Tel: 981 38 53 66

Colaboración: ASCM Naron Estrada de Castela, 256 Bello. Tel: 981 38 53 66



Voluntariado
ASCM

Voluntariado
ASCM



Ti podes ser
a peza clave!!!



www.ascmferrol.com
noticias-ascm.blogspot.com
voluntariadoascm.blogspot.com
www.facebook.com/asociaciondemusicaldosnaron
twitter.com:ASCM_Ferrol

FERROL Concello de Naron



¡Por só 20€/ano!
ou colabore co teu donativo
en NGB e Banco Popular:
2080 0227 05 3040004945
0097 8985 41 0600058203



R/Fernando VI bloques 2 bajos 18-19
Tel: 981 38 53 66 Fax: 981 38 67 22
Email: asc@ascmferrol.com
FERROL

Estrada de Castela 256 baixo
Tel: 981 38 53 66 Fax: 981 38 67 22
Email: asc@ascmferrol.com
NARON

www.ascmferrol.com

noticias-ascm.blogspot.com

voluntariadoascm.blogspot.com

www.facebook.com/asociaciondemusicaldosnaron

twitter.com:ASCM_Ferrol

CONVENIOS DE COLABORACIÓN

A ASCM ten asinados diversos convenios de colaboración con diferentes entidades tanto públicas como privadas, que representan un fluxo de ingresos moi importante no día a día da nosa asociación.

A ASCM participa activamente nos Consellos Territoriais de Participación Cidadá do Concello de Narón e mantén unha relación constante cos representantes do Concello de Ferrol e a Deputación da Coruña, tendo convenio asinado con estas entidades.

No 2014, a Fundación La Caixa cofinanciou o noso programa “Reflejos”, centrado nas accións de

voluntariado inclusivo para persoas con e sen discapacidade. Para as persoas con discapacidade este tipo de voluntariado serve como mecanismo de integración, non como receptores da solidariedade, senón como actores da mesma.

Asimesmo, a Fundación Mapfre cofinanciou a renovación da nosa aula de informática, grazas ao que puidemos cambiar todos os nosos equipos e substituílos por portátiles.

A asociación ASCM colabora tamén co Padroado Concepción Arenal mediante a cesión de instalacións para a celebración de actos e reunións.



Convenio Fundación La Caixa



Relacións con outras entidades



Relacións institucionais - Cea de Nadal




Relacións Concello de Ferrol



Convenio Náutico Ares





LISTADO DE EMPRESAS: podedes consultar todos os descontos no blogue de empresas amigas:

empresasamigasasm.blogspot.com.es

- * Abogados Diaz&Carneiro
- * Alain Afflelou
- * Aquativos
- * Bicipostal
- * Calzados Mara
- * Calzados Tojeiro
- * Cascudo Fontao Seguros
- * Central Librería Ferrol
- * Centro de Masajes Paula Mayobre
- * Centro de Masajes Tosi
- * Centro Psicoterapia y trauma Natalia Seijo
- * Cine Dúplex
- * Clínica Dental A. Casas Manso
- * Clínica Dental San Pablo
- * Clínica Médica As Pontes
- * Clínica Médica Betanzos 60
- * Clínica Médica El Puente
- * Clínica Podológica Juan Luis Carballo
- * Clínica Podológica María Pita Graña
- * Clínica Podológica Podotres
- * Clínica Podológica Serantes
- * CREA-LED Centro especial de empleo
- * Darío Javier López Fisioterapeuta
- * Daro Papelería
- * Electrodomésticos Fersay
- * Electrodomésticos Gato
- * Error! Ferrol
- * Exclusivas Iglesias Ortopedia
- * Fauna Tiendas de animales
- * Ferretería SAR
- * Fisioterapia Jorge Montero
- * Florista del Castillo
- * Floristería Sedes
- * Fotografía Noelia Soto
- * Gabinete Técnico Dental San Pablo
- * Isabel Campo Farmacia
- * Parque Infantil Marinolandia
- * Jofil Fotografía
- * Kokes Ropa Infantil
- * La Guagua
- * La tienda de Emma Floristería
- * Multiservicios Ferrol
- * Neumáticos Soledad. Confort Auto
- * Nueva Novalux Óptica
- * Óptica Valero
- * Ortopedia Layme
- * Oxígeno Gestión
- * Peluquería Luar
- * Peluquería Mixta Raiola
- * Peluquería Unisex Cholly
- * Perfumería Ana
- * Pimfer
- * Policlínica Sol
- * Psicóloga Sofía Bellón Yáñez
- * Psicotécnico Abeiro
- * Psicotécnico Abrente
- * Psicotécnico Nuestra Señora de Chamorro
- * Ramil Gamma Construcciones
- * Sandra Caneiro Esteticien
- * Serma Dependencia
- * Talleres Pena
- * TEAVI servicios a domicilio
- * Telepizza
- * Termas de Cuntis
- * Viajes Ecuador
- * Viajes Paco
- * Viveros Flor Galicia
- * Zapatería y Cerrajeros 24h Ferrol

FINANCIADORES

A Asociación Sociocultural “ASCM” recibe, para o seu financiamento, achegas de administracións e organismos públicos, privados, aportacións dos socios/as e donativos.



**XUNTA
DE GALICIA**



**Deputación
DA CORUÑA**



FERROL
CANDIDATURA A PATRIMONIO MUNDIAL



**FUNDACIÓN
MAPFRE**



NARÓN



Obra Social
Fundación "la Caixa"

**Donativos e outras
aportacións privadas**



**Hucha Solidaria
ASCM**

XEITOS DE COLABORAR COA ASCM

FAITE SOCIO/A por...
¡SÓ 20 €/ANO!

OU COLABORA CO TEU DONATIVO EN:

BANCO POPULAR: ES13-0238-8145-13-0600136838

LA CAIXA: ES13-2100-1456-67-0200048161

SE TES UNHA EMPRESA PODES...:

- Facela socia da ASCM realizando unha achega económica regular.
- Realizar donativos ou financiar proxectos puntuais.
- Ofrecer promocións e descontos (Empresas Amigas ASCM).
- Realizar actividades de voluntariado corporativo.
- Patrocinios.

****LEMBRA!: sexas persoa física ou empresa podes beneficiarte das vantaxes fiscais que conleva a colaboración cunha entidade sen ánimo de lucro como a nosa.***

